

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 29 DE NOVEMBRO DE 2007.**


<p><u>Sres. Asistentes.</u> <u>Sr. Alcalde.</u> D. Julio Ignacio Iglesias Redondo <u>Sres. Concelleiros:</u> D<sup>a</sup> María Victoria Montenegro Paz. D. José Juan Vilasanchez Pazos D<sup>a</sup> Ana María Fernández Coira. D. Jose Salvador Ferreiro Montenegro. D. José Manuel Cendán Fernández. D. Francisco Echevarria Lage. D. María Mercedes Grande Regueiro. D. Fernando Otero Prieto. D<sup>a</sup> Mercedes Grande Regueiro. D<sup>a</sup> Josefina Martínez Martínez. D. Manuel Rodríguez Doval. D<sup>a</sup> María Belen Abeal Pérez. D. Luis Cendán Fernández. <u>Sr. Secretario.:</u> D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>	<p>No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as doce horas e dez minutos do día vintenove de novembro de dous mil sete, previa convocatoria e citación ó efecto, réunese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario, o que o é desta Corporación D.Manuel Larrosa Rodríguez.</p>
--	---

Aberta a sesión pola Presidencia, entrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose polo Concello Pleno os seguintes acordos:

**Punto núm. 1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DAS ACTAS DAS SESIÓNS CELEBRADAS POLO CONCELLO PLENO OS DÍAS 19 DE XULLO DE 2007, 30 DE AGOSTO DE 2007, 13 DE SETEMBRO DE 2007.-**

Toma a palabra o Sr. Rodríguez Doval, manifestando que na Sesión correspondente o día 27 de setembro de 2007, cando se discutiu o adhesión ó Consorcio Galego de Benestar Social, houbo unha demanda por parte do Grupo Municipal do P.P. de que se fixera un informe de Secretaria, co obxecto de verificar se os Estatutos se adaptaban á legalidade, e non está recollida na acta.

O Concello Pleno por unanimidade e coa anterior corrección por unanimidade acorda presta-la súa aprobación as das sesións celebradas polo Concello Plenos os días 19 de xullo de 2007, 30 de agosto de 2007 e 13 de setembro de 2007.



**Punto núm 2.- DAR CONTA DA FIRMEZA DA SENTENCIA DE 08-10-07 DO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO DE FERROL.**

Dada conta da firmeza da Sentencia da Sala do Contencioso Administrativo núm. 1 de Ferrol de data 8 de outubro de 2007, relativa a demanda interposta por Dona Josefa Pena Payo contra o o Concello de Ares por danos persoais sufridos pola demandante a Consecuencia dunha caída na Vía Pública o día 30 de Xaneiro de 2006, na que se emite o seguinte **FALLO**:

**"DESESTIMO EL RECURSO** contencioso-administrativo interpuesto por la abogada doña Susana Grande Casado, en nombre y representación de doña JOSEFA PAYO DÍAZ, en relación con silencio del AYUNTAMIENTO DE ARES en relación con solicitud de indemnización por funcionamiento anormal de los servicios públicos, y **DECLARO QUE EL ACTO ES CONFORME A DERECHO**, sin imposición de las costas.

Notifíquese esta resolución a las partes haciéndoles saber que **NO ES SUSCEPTIBLE DE RECURSO DE APELACIÓN.**"

O Concello Pleno dase por enterado.


**Punto núm. 3.- DAR CONTA DA FIRMEZA DA SENTENCIA DE 25-10-07, DO XULGADO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO DE FERROL.**

Dada conta da firmeza da Sentencia do Xulgado Contencioso Administrativo de Ferrol de data 25 de outubro de 2007, en relación con demanda interposto por Unión Fenosa Distribución S.A., contra o acordo do Concello de Ares, desestimatorio do Recurso de Reposición non estando de acordo coa liquidación da obra realizada pola empresa recurrente, na que se emite o seguinte **FALLO**:

**ESTIMO EL RECURSO** contencioso-administrativo interpuesto por el procurador D. Jabier Artabe Santalla, en nombre y representación de la entidad "UNION FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A.", en relación con la desestimación por silencio del AYUNTAMIENTO DE ARES del recurso de reposición interpuesto por UNION FENOSA DISTRIBUCION S.A., contra liquidación girada por el Impuesto sobre Construcciones, Instalaciones y Obras y Tasa por Licencia Urbanística; y **DECLARO QUE EL ACTO NO ES CONFORME A DERECHO**, y **LO ANULO** y **DISPONGO** que se giren nuevas liquidaciones del impuesto y de la tasa de acuerdo con las bases fijadas en el fundamento de derecho segundo de esta resolución; sin haber especial pronunciamiento sobre las costas del procedimiento.

Notifíquese esta resolución a las partes haciéndoles saber que **NO ES SUSCEPTIBLE DE RECURSO DE APELACIÓN.**"

O Concello Pleno dase por enterado.



Seguidamente Interven o Sr. Manuel Cendán Fernández, manifestando que o día 22-11-2007 entra por Rexistro unha Sentencia que non ven recollida na Orde do Día, que é relativa o despido da Traballadora Laura Méndez, e como di a Sentencia solicita que sexa reincorporada o posto de Traballo.


O Sr. Alcalde, manifesta que a Setencia non ven a Pleno porque efectivamente chegou o pasado xoves e estaba en prazo de execución. Este lunes se procedeu a súa execución e xa estaban pechados os puntos que se incluírian na Orde do Día da Sesión, significando que o vindeiro Pleno vira a Sentencia para que se de conta do seu fallo. Trátase da praza da persoa que era a encargada da Plaza da Ludoteca; cando nos tomamos posesión fixemos unha análise da situación laboral do Concello e detectamos unha serie de contratos que consideramos estan en fraude de Lei e este era un, este Contrato está en fraude de Lei porque a anterior Corporación contratou a este persoa sen bases, sen convocatoria publica, é unha persoa que tiña que atender unha Ludoteca e a titulación que ten é de perruquería, en consecuencia unha persoa que non ten titulación, que na súa contratación non se gardaron os principios básicos de merito, capacidade e publicidade e polo tanto atopomanos nun contrato en fraude de lei.

Existe xurisprudencia consolidada do Tribunal Supremo, na que reflexa que os contratos en fraude de lei, non hai opción por parte da Corporación, sempre hai que indemnizar. Aquí hai responsabilidades por parte de quen redacta un contrato en Fraude de Lei e tamén hai responsabilidades políticas por que se contrata sen gardar os principios básicos de capacidade, mérito e publicidade.

Toma a palabra o Sr. Manuel Cendán Fernández, manifestando que si vai a vir a outro Pleno o debatiremos nel, non obstante quere dicir que para ese posto de traballo contratou a dúas persoas, e o grave e que a outra persoa segue a traballar no Concello e se lle ampliou a xornada laboral.

O Sr. Luis Cendán Fernández, manifesta que esta de acordo co Sr. Alcalde o manifestar que este tipo de contratacións non se debían de dar nunca, o tema é de calado máis profundo, que na Administración existe a figura do Interventor, que é a persoa encargada de poñer freno, onde se prohiba facer cousas ilícitas, así como outro tipo de contratacións, deberíamos ser máis conscientes cando estamos a xogar co diñeiro público dos cidadáns de Ares.

Otorgada a palabra o Sr. Secretario, manifesta que o artigo 21 da Lei 7/85 Reguladora das Bases do Réxime Local, atribue o Alcalde o despido do persoal laboral, en relación con Dna. Laura Méndez Martínez, na súa demanda non pideu a nulidade, pideu a improcedencia coa indemnización correspondente, en todo caso a Sentencia di "debo declarar e declaro a improcedencia do despido e condeno á parte demandada a que a súa opción, no caso que se presenta existen Sentencias nas que manifestan que nunha Administración, que un contrato feito en fraude de lei non se pode converter en fixo, polo tanto non existe opción; *"A mais*



*reciente Xurisprudencia se ha pronunciando en el sentido de que la atribución de un puesto de trabajo con carácter indefinido en la Administración Pública, de conformidad con lo dispuesto en los artículos 9.3, 103, 106.1. de la Constitución Española en relación con el 19 de la Ley 30/84 de 2 de agosto de Reforma de la Función Pública, ya sea funcionaria ya sea laboral ha de llevarse a cabo mediante una oferta de empleo público, ello es a través de un sistema de basado en los principios de mérito y capacidad, como garantía de derecho de todos los ciudadanos de acceder en igualdad de condiciones al empleo público, por lo que convertir una relación laboral temporal, en laboral indefinida llevaría una forma fraudulenta de ingreso en determinados grupos, causaría daño significativos al intereses general y determinaría perjuicio a quienes se someterían con gusto a las pruebas de ingreso establecido legalmente si no fueran privados de tal oportunidad. Jurisprudencia que de ser admitida en aplicación del artículo 14 de la Constitución. Sentencia de 17-05-88, al indicar que se consumaría un fin prohibido en el Ordenamiento Jurídico si se convirtiera un contrato temporal en indefinido, situando a la interesada en una función de carácter indefinido cuando su contratación no tuvo tal carácter". En definitiva cando é temporal non pode converterse en fixa non hai opción.*

Polo Sr. Alcalde, manifesta que no próximo Pleno vai a incorporarse a Sentencia, e como se fai sempre aquí o que queira intervir que o faga e o debatimos, e como antes de traelo a Pleno vaise ver na Xunta de Portavoces podemos ali determinar o posicionamento dos grupos.


**Punto núm. 4.- RATIFICACIÓN RESOLUCIÓN ALCALDÍA 09-11-07 "ACTUACIÓN DE SANEAMIENTO NA ZONA SUR DA RÍA DE FERROL, ARES-FENE E MUGARDOS".**

Dada conta da Resolución da Alcaldía de data 9 de novembro de 2007 do seguinte teor literal:

**Actuacións de saneamento na zona sur da ría de Ferrol, Ares, Fene e Mugardos.**

Vista a actuación prevista de saneamento na zona sur da ría de Ferrol, Ares, Fene e Mugardos (Clave OH.315.478) a realizar pola Empresa pública de Obras e Servizos Hidráulicos da Xunta de Galicia, e perante a urxencia que require dita actuación, pola presente en uso das competencias conferidas pola lexislación vixente e en especial a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, o Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e a Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

**VEÑO EN RESOLVER:**



**Primeiro.-** Comprometerse para poñer a disposición os terreos e auga necesarios para a execución das obras, adquirindo o compromiso de tramitar o correspondente expediente expropiatorio para dispoñer da titularidade das fincas necesarias para executar dita actuación.

**Segundo.-** A presente Resolución será ratificada na primeira sesión plenaria ordinaria que se celebre.

Así o acorda e dispón o Sr. Alcalde-Acctal., Dn. José Juan Vilasánchez Pazos, en Ares a nove de novembro de 2007, do que eu Secretario dou fe."

Toma a palabra o Sr. Rodríguez Doval, manifestando que dado que o punto núm. 4 e punto núm. 5 teñen unha relación máis que evidente, vamos a unificar o noso posicionamento nos dous puntos e facer unha intervención de carácter xenerico que englobe ós dous puntos, nos na anterior Corporación xa fixemos fincapé para que o Concello establecera os mecanismos para a posta en disposición dos terreos para a execución do proxecto para os Concellos de Fene, Mugaros e Ares, dixeran daquela e nos vamos poñer toda a carne no asador para que o proxecto se leve da mellor forma e o máis axil posibles, votamos en falla unha maior información de como ía o proxecto as veces nos enteramos máis polos medios de comunicación que pola propia via interna da Institución, nos solicitamos e pola Alcaldía se nos puxo a disposición o anteprojecto no que todavía non figuraba incorporado o nucleo de Chanteiro, sabemos que hai uns compromisos coa comisión veciñal para que se incorpore, o proxecto da adjudicación foi tan rápido que a dubida que se plantexa e que se a día de hoxe esta solventado o tema da incorporación do nucleo de Chanteiro dentro do proxecto Xeral, o si se vai facer un proxecto paralelo o proxecto xeral. Nos queremos, sin que vaia a condicionar o noso voto que vai a ser favorable para os dous puntos, que en todo caso leva aparelhada a condición que a partires de agora tratemos de levar o tema con máis contraste no seno da propia Corporación. O tema de posta a disposición dos terreos é un tema que nos preocupa, posto que temos a experiencia de cando se fixo a posta a disposición cando estaba previsto facer o tema do saneamento de Chanteiro a través do POL, foi un proceso longo e ademáis tendo en conta o pequeno número de parcelas afectadas naquel entonces, o que nos leva a pensar que si agora vamos a ter 665 parcelas afectadas podemos encontrarnos diante dun proceso que pode levar máis de 6 ou 9 meses, queremos tamén facer un chamamento para que este proceso se leve coa máior axilidade e co maior sentido común, para que todo elo que poida ser negociable se negocie e que non sexa negociable vaia a través do proceso expropiatorio. Finalmente reitero a nosa posición que vai a ser favorable, con duas peticións que son maior información na seo da Corporación, e axilidade no tema des expropiacións.

O Sr. Luis Cendán, manifesta que vai a votar afirmativamente os dous proxectos, pero o mesmo tempo perder unha explicación o Sr. Alcalde de como está o tema da inclusión do nucleo de Chanteiro a día de hoxe.

Toma palabra o Sr. Manuel Cendán Fernández, manifesta que levamos xa un tempo loitando con este tema, e como no proxecto ía o Saneamento e o Abastemento de auga, nos



queremos saber si esta incorporación que se fai vai incluída o sistema de abastecemento de auga.


O Sr. Alcalde, manifesta que o que estamos a tratar aquí e do proxecto da estación depuradora de augas residuais, esta claro que hai un deficit na parroquia de Chanteiro, polo que se negociou primeramente co Director de Augas de Galicia e sealconzaou un compromiso que de maneira paralela a asunción dun compromiso de proxecto de Saneamento para Chanteiro, ese proxecto loxicamente hai un compromiso por parte da Alcaldía de dar conta do mesmo a unha Comisión de Veciños, que desde o primeiro momento desde que tomei posesión como Alcalde veñen regularmente a interesarse por ese tema, a primeira aproximación do que se vai a facer se traslada o grupo de veciños, se discute, eles aportan as súas ideas, e a día hoxe estamos nunha fase de información cun grupo de veciños, unha vez que se redacte de xeito definitivo o anteprojecto se iniciaran os trámites legais de información pública e a partires da aprobación do proxecto se executará en paralelo coa Estación Depuradora, ten que ser en paralelo porque o Saneamento en si mesmo sen EDAR non fai nada, porque o saneamento se vai a conectar á EDAR polo que non vai a entrar en funcionamento ata que funcione a EDAR. Estamos na 1ª fase, PROYFE redactou o proxecto, e non o vamos a trámitar sin que a Comisión de Veciños e por parte da Alcaldía se lle den as votas necesarias, o que non obsta de que calquer portavoz poida acceder a el, como accedeu o proxecto da EDAR, e loxicamente no seu momento se terá que dar conta do mesmo nas Comisións correspondentes, significando que estamos nunha fase moi inicial, eu adquirir o compromiso de que os primeiros que o ían a ver serían os veciños, e foron os primeiros. Non obstante dicir que queira coñecelo o proxecto o ten a sua enteira disposición.

O Sr. Manuel Cendán, manifesta que aínda que a obra de saneamento non leve aparelado o abastecemento, que unha vez aberta a obra se aproveite polo menos para deixar a tubería do abastecemento colocada.

Resposta o Sr. Alcalde que o tema do saneamento de Chanteiro e un tema moi ambicioso e loxicamente haberá que loitar polo abastecemento, pero neste momentos hai que priorizar, hai un millón de euros, e nestes momentos non encontrei acomodo para que pagaran tamén o abastecemento.

Rematado o debate sometese a votación e o Pleno da Corporación por unanimidade acorda presta-la súa aprobación e en consecuencia ratificación la Resolución da Alcaldía de 9 de novembro de 2007 "Actuacións de Saneamento na Zona Sur da Ría de Ferrol, Ares-Fene e Mugar dos"

**Punto núm. 5.- APROBACIÓN SE PROCEDE CONVENIO COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE ARES-FENE E MUGARDOS PARA "ACTUACIÓN DE SANEAMENTO NA ZONA NORTE DA RÍA DE ARES E NA ZONA SUR DA RÍA DE FERROL-ARES, FENE E MUGARDOS.**



Dada conta do Convenio de Colaboración entre os Concellos de Ares-Fene e Mugaridos para "Actuación de Saneamento na Zona Norte da Ría de Ares e na Zona Sur da Ría Ferrol-Ares, Fene e Mugaridos que seguidamente se transcribe:

"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE ARES, FENE E MUGARDOS PARA O DESENVOLVEMENTO CONXUNTO DA CESIÓN OU POSTA A DISPOSICIÓN DE TERREOS PARA A EXECUCIÓN DA "ACTUACIÓN DE SANEAMENTO NA ZONA NORTE DA RÍA DE ARES E NA ZONA SUR DA RÍA DE FERROL. ARES, FENE E MUGARDOS" SEGUNDO ANTEPROXECTO APROBADO DEFINITIVAMENTE O SEIS DE NOVEMBRO DE 2007 POLO PRESIDENTE DA EMPRESA PÚBLICA DE OBRAS E SERVIZOS HIDRAÚLICOS DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE.

Ares, a 26 de novembro de 2007

Reunidos;

O sr. Alcalde do Concello de Ares, D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, en nome e representación do referido Concello.

O sr. Alcalde do Concello de Fene, D. Iván Puentes Rivera, e nome e representación do mesmo.


O sr. Alcalde do Concello de Mugaridos, D. Xosé Fernández Barcia, en nome e representación do mesmo.

Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, a teor do previsto no artigo 21.1.b) da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, de 2 de abril de 1985, e concordantes do Real Decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, o Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro e 61.1 a) da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia; recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto

**EXPOÑEN:**

1.- Que os Concellos son competentes para a xestión do tratamento de augas residuais, nos termos establecidos nas leis 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do réxime local, 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e Lei 8/2001, de 2 de agosto de Protección da calidade das augas das rías de Galicia e ordenación do servizo público de depuración das augas residuais urbanas.

2.- A Lei 8/2001, de 2 de agosto do Parlamento de Galicia, regula a Protección da calidade das augas das rías de Galicia e ordenación do servizo público de depuración das augas residuais urbanas e atribúe as entidades locais competencias



en materia de depuración de augas residuais urbanas nos termos sinalados no artigo 7º.

3.- Que co fin de levar adiante a actuación descrita aprobada con carácter definitivo o seis de novembro de 2007 pola Presidencia da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, é necesario poñer a disposición da mesma os terreos necesarios para a execución das obras, e dados os perentorios prazos previstos de inicio das obras, é necesario acudir ao instituto da expropiación polo trámite excepcional de urxente ocupación.

Os concellos asinantes, estando afectados polo ámbito de actuación das obras (redes de colectores, emisarios, impulsións e instalacións complementarias da EDAR) e á súa vez sendo beneficiarios das mesmas e para unha maior eficacia administrativa e en aras dos principios de cooperación, colaboración e asistencia que deben presidir as relacións interadministrativas, as partes relacionadas no encabezamento acordan proceder ao desenvolvemento dunha actuación conxunta que permita poñer a disposición da Xunta de Galicia os terreos necesarios para a execución das obras, e tras as oportunas negociacións e a tal efecto, asinan o presente Convenio de Colaboración económica en base ás seguintes

#### ESTIPULACIÓNS :

1.- Os Concellos asinantes comprométese á adquisición conxunta dos terreos necesarios ben mediante acordos amistosos ou expropiacións, trámites que levará a cabo o Concello de Ares por ser o mais afectado no que se ubicará a EDAR, para a execución das obras "ACTUACIÓN DE SANEAMENTO NA ZONA NORTE DA RÍA DE ARES E NA ZONA SUR DA RÍA DE FERROL. ARES, FENE E MUGARDOS" SEGUNDO ANTEPROXECTO APROBADO DEFINITIVAMENTE O SEIS DE NOVEMBRO DE 2007 POLO PRESIDENTE DA EMPRESA PÚBLICA DE OBRAS E SERVIZOS HIDRAÚLICOS DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE, e redactado pola empresa PROYFE, S.L., do que resulta segundo anexo nº. 9 "PARCELARIO Y EXPROPIACIONES" TOMO II : MEMORIA Y ANEXOS DO ANTEPROXECTO DE CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN : ACTUACIÓN DE SANEAMENTO NA ZONA NORTE DA RÍA DE ARES E NA ZONA SUR DA RÍA DE FERROL afectadas o número de parcelas e valoracións que de de seguido se sinalan por Concello :

CONCELLO DE ARES : Número de parcelas : 665, superficie total 123.751,00 m2., valoración expropiacións : 813.191,15 €.

CONCELLO DE FENE : Número de parcelas : 39, superficie total : 12.741,00 m2., valoración expropiacións : 184.152,53 €.

CONCELLO DE MUGARDOS : Número de parcelas : 26, superficie total : 6.788,00 m2., valoración expropiacións : 61.023,73 €.

2.- Finanzamento ou forma de pago dos terreos.





A adquisición dos terreos así como os gastos derivados da xestión expropiatoria financiarase polos Concellos asinantes do seguinte xeito, en función dos seguintes porcentaxes :

CONCELLO	%
FENE	50
ARES	25
MUGARDOS	25

### 3.- Forma de pago

Os Concellos asinantes do presente Convenio de Colaboración deberán consignar nos respectivos orzamentos de 2008 as partidas correspondentes para facer fronte ao abono da súa achega. A tal efecto acordada unha adquisición amistosa e notificada ós respectivos Concellos, estes disporán dun prazo de quince días para librar e facer efectivo o abono ao Concello que efectuou dita adquisición. No suposto de expedientes de expropiación, calculados os depósitos previos e notificados, disporáse dun prazo de dez días para abonar ao Concello expropiante a cantidade correspondente en función da porcentaxe asignada a cada un no apartado anterior.

Asemade, iniciado a fase de xustoprezo caso de acordo, os Concellos aboarán as respectivas cantidades no prazo de dez días ao Concello expropiante.

Caso de litixio perante o Xurado de Expropiación de Galicia, e no seu caso perante ante o orde xurisdiccional contencioso-administrativo, os Concellos asinantes do Convenio de Colaboración unha vez sexa firme a resolución administrativa ou xurisdiccional, deberán asinar as cantidades no prazo máximo dun mes, extendéndose a obriga aos gastos derivados dos procesos administrativos-xudiciais e en todo caso a un posible incremento que poida recaer nas resolucións-fallos que incrementen as cantidades inicialmente previstas mais os premios de afección.

### 4.- Gastos de xestión e funcionamento.

Os gastos de xestión do expediente expropiatorio serán sufragados polos Concellos asinantes en proporción ao porcentaxe anteriormente establecido para o abono das adquisicións-expropiacións. A tal efecto establecece una contía a tanto alzado de 75.000,00 €. para ditos gastos de xestión.

### 5.- Duración.

O presente convenio terá unha duración de dez anos, tempo que se estima suficiente para que haxa un pronunciamento xurisdiccional caso de dirimirse xustoprezos perante a xurisdiccional contencioso-administrativa. En todo caso o Convenio seguirá vixente ata tanto en canto quede pendente resolución xudicial sobre xustoprezo



Elo non obstante as partes poderán prorrogalo de mutuo acordo o tempo que estimen convinte.

#### 6.- Comisión de seguimento.

##### 1.- Composición.

Para o seguimento e control do presente convenio de colaboración, así como para aclarar as dúbidas sobre a súa interpretación, constituirase unha comisión de seguimento integrada por:

- O Alcalde de cada ún dos concellos integrantes ou concelleiro/a en quen delegue, quenes poderán acudir as reunións da comisión asistidos por un técnico do seu municipio.

- Presidente: O do Concello de Ares ou concelleiro en quen delegue.

##### 2.- Periodicidade.

A Comisión reunirse cunha periodicidade mensual, así como cando o solicite ún dos seus membros ou o acorde o seu presidente.

##### 7.- Extinción.

Por mutuo acordo das partes poderase resolver o presente convenio, na súa totalidade ou parcialmente, así como anovar o mesmo suscribindo novo acordo de novación coas mesmas formalidades que as do presente convenio, entendéndose por novación a modificación sustancial de aspectos non previstos nas súas estipulacións.

Extinguido o convenio polo cumprimento de seu prazo de vixencia ou por mutuo acordo, procederase pola comisión de seguimento, que seguirá en funcións, a determinar a liquidación das obrigas económicas de cada Concello.


##### 8.- Réxime xurídico.

O presente convenio ten carácter administrativo, enmarcase e amparase no ámbito das relacións interadministrativas e de cooperación previstas no artigo 57 da Lei //1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e nos artigos 198 e 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

As cuestións litixiosas que se puideran suscitar por incumprimento ou interpretación das súas cláusulas resolveranse, en defecto de acordo entre as partes, e dado o carácter administrativo do convenio, pola xurisdicción contenciosa administrativa.

##### 9.- Entrada en vigor.

O presente convenio para a súa entrada en vigor e eficacia sen prexuízo da súa sinatura, deberá ser obxecto da preceptiva ratificación polos Concellos asinantes.



E para que así conste, e en proba de conformidade, os comparecentes asinan o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento."

Seguidamente dase cota do Informe do Sr. Secretario de 28 de novembro de 2007, do seguinte teor literal:

### **INFORME DE SECRETARIA:**

**ASUNTO: CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE ARES, FENE E MUGARDOS PARA O DESENVOLVEMENTO CONXUNTO DA CESIÓN OU POSTA A DISPOSICIÓN DOS TERREOS PARA A EXECUCIÓN DA EDAR.**

O Funcionario que suscribe, en relación co asunto epigrafiado, emite o seguinte INFORME:


1.- A posibilidade de celebrar convenios de colaboración entre Administracións está expresamente previsto nos artigos 27 e 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e artigos 198 e 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, preceptos nos que se regula a delegación de competencias e os chamados convenios interadministrativos.

2.- A actuación descrita no convenio citado entra dentro das actuacións que é posible levar a cabo por medio de convenios de colaboración-cooperación, técnica, económica e administrativa para a prestación de servizos ou desenvolvemento de competencias legalmente atribuídas aos municipios para a satisfacción dos intereses comúns, como é no presente caso o saneamento das Rías de Galicia, calificadas de espazos singulares dentro da xeografía da Comunidade Autónoma na exposición de motivos da Lei 8/2001, do 2 de agosto, de protección da calidade das augas e de ordenación do servizo público de depuración de augas residuais urbanas.

3.- O órgano competente para a súa aprobación é o Pleno da Corporación ao estar diante dun convenio que, para o seu desenvolvemento, vai esixir a delegación de competencias no Concello de Ares, en concreto a delegación da competencia ou potestade expropiatoria para a expropiación dos terreos sitos neste municipio, si chegado o caso non se adquirisen por mutuo acordo, requeríndose para tal delegación a maioría absoluta legal dos membros da Corporación -artigo 47.2 h) da Lei 7/85 así como a aprobación do correspondente anteproxecto da actuación de saneamento na zona norte da Ría de Ares e na zona sur da ría de Ferrol, Ares, Fene e Mugardos, si fose necesario."

O Concello Pleno por unanimidade acorda presta-la súa aprobación .

**CONTROL E FISCALIZACIÓN DOS ORGANOS DE GOBERNO.**



**Punto núm. 6.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA ALCALDÍA PRESIDENCIA DENDE A CELEBRACIÓN DA ANTERIOR SESIÓN ORDINARIA.**

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da última sesión plenaria ordinaria, ós efectos de control e fiscalización dos órganos de previsto no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

Toma a palabra o Sr. Luis Cendan Fernández, manifestando que non se estan traendo as Resolucións de contraído económico, a ese tema lle dimos unha solución a traves de Asistencia a Municipios, sinalando que fumos o primer Concello que estableceu unha conexión coa aplicación de contabilidade para que se poideran sacar as resolucións automáticamente.

Resposta o Sr. Alcalde que a contabilidade leva un retraso moi importante que non se chegou a pechar xuño, e que se esta traballando pero e peche do primeiro semestre do exercicio para proceder a elaboración do correspondiente informe que sirva como base para a elaboración do anteproxecto de orzamentos.

O Sr. Luis Cendán, di que a contabilización non ten nada que ver co pago.

O Concello Pleno dase por enterado.

**Punto núm. 7.- MOCIONS E PROPOSTAS.-**


**A) Moción do Grupo Municipal do B.N.G. "POSTA EN MARCHA DE ACTUACIONES REHABILITADORES NOS CASCOS DE REDES E ARES".**

Dada conta da Moción do Grupo Municipal do B.N.G. do seguinte teor literal:

**MOCION ÁO PLENO DO CONCELLO DE ARES PARA POSTA EN MARCHA DE ACTUACIONES REHABILITADORAS NOS CASOS DE REDES E ARES.**

Unha pequena ollada ao conxunto de vivendas tradicionais existentes nos núcleos de Ares e, sobor de todo Redes, sitúanos perante o máis amplo e singular elemento arquitectónico existente na comarca; definindo claramente unha tipoloxía de vivendas artelladas por unha banda arredor da importante actividade pesqueira que se desenvolvera nas dúas parroquias e, por outra, recollendo a importante pegada que o fenómeno da emigración e concretamente os chamados "indianos" implementaron en abondosas construcións.

Singularmente o caso de Redes representa un claro exemplo de arquitectura sostíbel, no que foron as xentes as verdadeiras protagonistas da posta en valor e mantemento do



singular caso histórico; construído ao abeiro da importante actividade pesqueira que se desenvolveu no lugar, máis tamén con importantes e singulares edificacións das denominadas "modernistas", que maioritariamente viron a luz a comezos do pasado século. Tal é así que neste ano 2007 a Delegación de A Coruña do COAG elixiu Redes para conmemorar o Día Mundial da Arquitectura atendendo precisamente **".....ao esforzo do pobo en preservar os seus valores urbanos e paisaxísticos facendo fronte, sen dúbidas, a fortísimas presións urbanísticas como as que arrasaron outros moitos puntos da costa"**, segundo afirmaban nun comunicado oficial.

Deixando a un lado que non é comparábel nen o ámbito, que abarca nen o nivel de deterioro que sofre cada ún dos núcleos, non se pode negar que a simple visualización dos mesmos obriga a reflexionar sobre a necesidade -e sobor de todo, da urxencia- de promover un proceso rehabilitador que non só poña freo ao progresivo deterioro e mesmo a desaparición destes elementos tradicionais senón que mesmo posibilite a posta a disposición da sociedade dun máis que considerábel parque de vivendas que, a día de hoxe, fican deshabitadas e en claro proceso de deterioro.

É preciso lembrar aquí que o Concello de Ares, é o único da comarca non que non se puxo en marcha un proxecto de rehabilitación integral nos casos antigos; o que non deixa de ser paradoxal sendo precisamente o que ten un dos conxuntos de vivendas máis amplo e singular nos que se podería levar a cabo unha intervención rehabilitadora. E aínda resulta máis preocupante se temos en conta que do total de licencias concedidas para 1275 vivendas entre os anos 1999 e 2005 só 7 foron para rehabilitación e 1268 para vivendas de nova construción.

Máis non estamos a falar só do mantemento de elementos da arquitectura tradicional. Estamos a falar, sobor de todo, de actuacións que procuran posibilitar o acceso a unha vivenda para importantes capas de poboación de Ares e Redes que, vista a imposibilidade práctica que teñen de acceder a un mercado de novas vivendas rehabilitadas unha posibilidade de achegarse a este dereito básico. E estamos a falar, por suposto, de marcar unha estratexia que ofereza oportunidades para a fixación real de poboación no noso concello, rachando coa dinámica da "segunda residencia" á que sempre se asocia a Ares.

Neste sentido, é preciso pór en marcha formulas que permitan compatibilizar a conservación e poste en valor do importante valor arquitectónico, histórico-artístico e etnográfico que se atopa nos núcleos de Redes e Ares; coa millora e desenvolvemento urbano deste dous importantes espazos e, en definitiva, a mellora das condicións de vida da xente que vive ou queira vivir nos mesmos.

En base á argumentación antedita, o Grupo Municipal do BNG propón ao Pleno do Concello a adopción dos seguintes

#### **ACORDOS:**



**1.- Promover a elaboración dun Plan Especial de Protección e Rehabilitación Interior (PEPRI) para o caso antigo de Redes.**

**2.- Promover a elaboración dun Area de Rehabilitación Integral (ARI) para o casco antigo de Ares."**

Toma a palabra o Sr. Rodríguez Doval, manifestando que quere facer referencia a tres elementos que levaron á presentación desta Moción, dicir que levamos como ano e medio desenrolando unha campaña de sensibilización a respecto de facer actuacións rehabilitadoras no noso Concello, porque entendíamos de que máis do que significa o proceso rehabilitador como un proceso conservador, nos pensamos que este proceso rehabilitador debe levar un obxectivo que é a posta en valor destas vivendas, con ánimo de fixar poboación, con ánimo de que a xente viva, polo tanto nos non queremos que se conserven os cascos antigos de Redes e Ares porque son moi bonitos, senón porque son un valor un patrimonio que temos ahí e porque deben de xogar un papel fundamental, para favorecer que determinados segmentos da poboación que tal e como esta agora a vivenda no noso teñen difícil acceso. Fruto a este traballo de sensibilización entendimos que a nova Corporación debería de abordar este tema como un tema de carácter urxente, porque no caso de Ares, dende que nos fixemos hai ano e medio aquel catalogo de fotografías a día de hoxe xa hai doce vivendas que xa non estan. Sorprende que no conxunto da Comarca sexamos o Concello máis ten para rehabilitar e non este rehabilitando, deixando aparte que é unha proposta que levamos no noso programa electoral, entendemos que é unha necesidade, dicir que se nos plantexou unha interregante que era se deberíamos de agardar a tramitación do Plan de Xeral de Ordenación Municipal e incluílo no documento, pero feitas as consultas oportunas a profesionais, dixeronos que desde o punto de vista procedimental non habia porque agardar, e maiores había un problema que e o tempo que pode levar a tramitación do Plan Xeral que levaría consigo que teríamos un parque de vivendas mais inexistente, polo tanto a nosa petición ó Pleno do Concello e que o Concello Pleno acorde:

**Promover a elaboración dun Plan Especial de Protección e Rehabilitación Interior (PEPRI) para o caso antigo de Redes.**

**Promover a elaboración dun Area de Rehabilitación Integral (ARI) para o casco antigo de Ares."**

Interven o Sr. Luis Cendán Fernández, manifestando que en principio esta de acordo aínda que na exposición da Moción pode haber algunhas matizacións que desde NAL se poderían facer pero non va a entrar no detalle, o que importe son acordos que se traen aquí, aínda sabendo que no caso concreto de Redes ten cinco proteccións no casco, entende que se trata de ter un mecanismo necesario para axiliar as licencias, desde ese punto de vista nos vamos a apoiar a Moción que presenta o Grupo Municipal do B.N.G..

Acto seguinte interven o Sr. Manuel Cendán Fernández, manifestando que en principio que todo o que sexa protexer estamos de acordo, no novo Plan de Ordenación



Municipal que se presentou diante da Xunta de Galicia, na normativa no artigo 102 "Casco antigo de Redes", xa ven recollido esto a protección e no caso antigo de Ares, hai que saber o que se vai a delimitar, dicir que hai un estudio feito pola Excm. Deputación Provincial en colaboración coa Consellería de Cultura, e no que reflexa que nos en Ares tiñamos 15 casas protexidas e pasamos a 60, insiste que temos que ter claro o vamos a delimitar e protexer. Nos mentres non exista un estudio e saber o que vamos a delimitar non podemos dar o voto a favor e nos vamos a abster.

Interven o Sr. Alcalde, manifestando que polo que se refire á moción os acordos son moi pechados, hai diferentes Plans de actuacións, nos establecemos contacto telefónico, posto que non nos concederon a cita que temos pedida dende hai mais de dous meses na Consellería de Vivenda, falamos dúas veces por telefono co Sr. Delegado, unha delas coincidindo co día internacional da Arquitectura, co obxecto de interesarnos das actuacións que desde a Administración Pública poderían desenrolarse en Ares e por suposto tamén en Redes, e evidentemente recoñecendo que en Redes dase unha singularidade moi especial, que a fixo acreedora dexa homenaxe por parte do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, e que dalgunha maneira, pois esas virtudes que podemos apreciar no casco antigo de Redes, son froito da vontade dalguns veciños, estamos diante dun caso histórico, todo o que se fai ten que a ir a Patrimonio, pero efectivamente o que un Plan Especial con axudas económicas para reformas interiores non se percibiu nin un peso, diante desta situación se deu a coñecer a través dos medios de comunicación coincidindo co día internacional da arquitectura solicitamos unha entrevista coa Conselleira de Vivenda e a día de hoxe aínda no temos resposta acerca desta entrevista, e fixemos xestións diante do Delegado de Vivenda e que se viñeron a concretar hoxe á mañá a través dunha chamada telefonica, entón o tema é un ARI para Ares porque todos os ARI necesitan previamente a redacción e aprobación do PERI, polo que non sei se estamos delimitando moísimos instrumentos de protección, e logo ó mellor non son os adecuados, significando que existen varios instrumentos de protección (PERI, PEPRI, ARIS....) a decisión política de cal nos vai mellor sen o correspondente testado técnico é un risco, e máis o Sr. Delegado da Consellería de Vivenda me transmitiu que un ARI existe un PERI e aquí non se fala para nada do PERI, e todos estamos pola labor de dotar non so de protección, de promoción, de inversións, e en consecuencia de recursos financeiros, a uns espazos que o merecen, como son o casco histórico de Ares e a singularidade de Redes, o tema plantexase en que os acordos poidan ser transacionados na medida de que non peche unha serie de plans especiais, propoñendo que se de algunha maneira poderíamos abrir os acordos, transacionais e consensuais.

Toma a palabra o Sr. Rodríguez Doval, manifestando que eu non son arquitecto pero que sabe perfectamente o que é un PEPRI e o que é un ARI, nos non inventamos nada a Area de Rehabilitación Integral que está a desenrolar o Concello de Mugar dos podemos ir a vela, nos aquí non vamos a definir cal é o ámbito exacto da Area de Rehabilitación Integral, nos pensamos que no caso de Ares é un ARI porque é xusto e clavado e o sistema que están empregando no caso de Neda, no caso de Pontedeume, e no caso de Mugar dos, o ámbito que leve esa area eu non o sei, o proceso e tomar o acordo, despois se fai a contratación dun documento técnico e os técnicos son os que o definen. Como xa dixemos cando adoptamos o



acordo da cesión de terreos para o Centro de Saúde, o que estamos acordando e que ten que ir alí despois xa debatiremos o proxecto, pois aquí e o mesmo, o Concello decide que quere facer un Area de Rehabilitación Integral no casco antigo de Ares, e posteriormente xa debatiremos a súa delimitación, non estamos propoñendo nada que non se fixera nos concellos que estan a levar a cabo esta rehabilitación. A nosa proposta non está pechada, define dous instrumentos diferentes para realidades diferentes, pero no prexulga nin o ámbito nin os mecanismos, e todo isto haberá que integralo con posterioridade na aprobación do Plan de Ordenación Municipal, outro tema e dicir que agardemos o Plan porque pode pasar que cando se aprobe o Plan igual xa non rehabilitamos. Reiterando que o abrir as propostas máis sería non acordar nada. Nese sentido mantemos a proposta no sentido na que está formulada.

Interven o Sr. Manuel Cendán Fernández, manifestando que hai que ter claro o que se vai a delimitar, por exemplo este edificio esta no entorno do casco antigo de Ares, temos que claro o que queremos delimitar, se facemos unha protección e despois podemos vernos con problemas. Hai que ser axiles co tema do Plan Xeral, que ir a todo o caso urbano entendo que sería complicarnos a vida.

Sendo as trece horas e vinte minutos faise un receso na Sesión.

Sendo as trece horas e vintecinco minutos reanudase a Sesión.

Toma a palabra o Sr. Luis Cendán Fernández, decir que o entendo eu que estamos diante dunha declaración de intencións, eu non sei se será un PERI ou un ARI, entendo que serán os técnicos despois os o determinen, máis que nada antes de encargar nada os técnicos deberán decir a figura a adoptar expoñelas nas Comisións correspondentes e quitar unha conclusión, a hora de empezar a traballar con esto nos vai a quitar moito traballo para cando empecemos con Plan Xeral. Insistindo no maniestado na súa anterior intervención e significando que vai a votar favorablemente á Moción do BNG


O Sr. Alcalde expón que o Grupo Socialista presenta a seguinte emenda, que consistiría no seguinte, no penúltimo parrafo da Moción "nucleos antigos" suprimir a palabra antigos e nos acordos quedarían redactados da seguinte maneira:

1º.- Promover a elaboración dun Plan Especial de Protección e Rehabilitación Interior (PEPRI) para o casco urbano de Redes.

2º.- Promover a elaboración dun Plan Especial de Reforma Interior (PERI) e dunha Area de Rehabilitación Integral (ARI) para o casco urbano de Ares.

Interven o Sr. Rodríguez Doval, manifestando que non estamos a falar de catalogación de edificios singulares, estamos falando dunha formula a traves da cal se facilite a rehabilitación





en vivendas. Nos non estamos prexulgando ata onde chega a Area de Rehabilitación, eso tera que definilo posteriormente a Corporación. Nos sabemos do que estamos a falar, falamos do casco de Ares e do casco de Redes, porque son nos que se pode levar a cabo unha actividade rehabilitadora, nos definimos o que queremos facer.

O Sr. Alcalde matiza que o de retirar a palabra antigo, e co obxecto de que non xurdan problemas coa interpretación de cal é casco antigo, porque podería pensarse que este é a partires da Igrexa hacia atras, e entende que antes da Igrexa na Rúa Real tamén existen edificacións que deberían entrar para ser rehabilitadas e protexidas, entedemos pois que a emenda enriquece a Moción, suma e non resta, e pedimos un instrumento máis para Ares que é o PERI porque non vaia a ser que os técnicos non atopen a Area.

O Sr. Rodríguez Doval, manifesta que se hai PERI non hai ARI. Se definimos un PERI non definimos un ARI, non é PERI máis ARI.

Rematado o debate sometese a votación a seguinte emenda presentada in vocce pola Alcaldía-Presidencia

Promover a elaboración dos instrumentos encamiñados a protección e rehabilitación dos cascos urbanos de Ares e Redes.

Antes de realizar a votación pide a palabra o O Sr. Rodríguez Doval, quen manifesta que non lle van a dar o voto porque eso é non acorda nada, polo que se van a abster.

Acto seguinte sometese a votación a emenda e o Pleno da Corporación por 5 votos a favor do Grupo Municipal PSdeG- PSOE e 8 abstencións 5 P.P., 2 B.NG. e 1 NAL, acorda prestarlle a súa aprobación.


## **B) Moción do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE "FRONTE A VIOLENCIA DE XENERO".**

Dada conta da Moción presentada polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE do seguinte teor literal:

### **MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE AO PLENO DO CONCELLO DE ARES.**

**FRONTE A VIOLENCIA DE XÉNERO HAI ESPERANZA.**

Ante a conmemoración un ano máis do 25 de Novembro, Día Internacional contra Violencia de Xénero, desde o PSdeG-PSOE queremos trasladar á cidadanía española e moi especialmente a todas aquelas mulleres que están sufrindo maolos tratos unha menxase de alento, porque é posible escapar do círculo da violencia.



A aprobación da Lei Integral Contra a Violencia de Xénero en decembro do ano 2004 coa unanimidade de todas as forzas políticas, supuxo a esperanza para as mulleres que sofren esta lacra social porque está a súa disposición todo un caudal de accións institucionais concretas para protexelas cunha Delegación Especial do Goberno ao fronte, a Fiscalía de Sala delegada e o Observatorio Estatal, composto por profesionais de todos os ámbitos.

O Goberno socialista colocou á violencia contra as mulleres en primeira liña da axenda política e no seu compromiso encontráse a mellora dos mecanismos de asistencia ás vítimas e por perseguir aos agresores.

Nestes tres anos de aplicación da lei, moito avanzamos para lograr este obxectivo común que nos une:

Creáronse 452 Xulgados de Violencia sobre a Muller, 398 compatibles e 54 exclusivos e prevense 29 exclusivos máis para finais de 2007. Nomeáronse 49 fiscais especializados nesta materia e se espera, para finais desde ano, un total de 92.

Existe unha quenda de oficio gratuito 24 horas e máis axentes especializados das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado combatendo o machismo criminal, cun aumento do 117,5% nun número de efectivos este ano, chegando aos 1614 a finais de 2007.

Conseguimos endurecer as penas para os homes agresores, 49.968 foron condenados en dous anos e ofrecido tele asistencia para as vítimas, aínda sen orde de afastamento cun aumento constante das súas usuarias. 7.987 estaban dadas de alta o 1 de outubro de 2007. Desde decembro de 2006 ata a data, o seu número incrementouse en máis dun corenta por cento, e, ademais está en marcha o Plan de Sensibilización.

Ao servizo das mulleres hai un novo protocolo de Sanidade de 59 unidades provinciais de Violencia sobre a Muller nas Comunidades Autónomas, coa finalidade de coordinar toda a información e recursos existentes destinados a protexer ás mulleres en situación de risco, ademais das unidades forenses de valoración integral en cada provincia, das que tamén víronse incrementando o seu número nun 150%.

Por primeira vez en España existe un teléfono nacional gratuito de información e asesoramento 24 horas que non deixa pegada na fatura de teléfono a través do número 016 co obxectivo de axudar ás vítimas a que dean un paso adiante e denunciaren.

Neste sentido, o número de denuncias interpostas aumentou máis dun 70% entre 2002 e 2006. Un dato positivo xa que pon de releve, a magnitude do fenómeno, a necesidade dunha ferramenta integral destas características pero sobre todo, que cada vez hai máis mulleres vítimas de malos tratos que se deciden a saír da escuridade para denunciar o horror que viven nos seus fogares.



No período 2005-2007, o Goberno socialista distribuíu 26 millóns de euros as Comunidades Autónomas e 2,5 millóns de euros ás Entidades Locais para colaborar na asistencia social integral que desde os territorios deben ofrecer ás vítimas.

Desde o Goberno Central, máis de 212 millóns de euros destínanse á loita contra violencia de xénero en 2007, un 50% máis do previsto inicialmente para este ano.


A dotación prevista no proxecto de Lei de Presupostos Xerais do Estado para 2008, ascende a 247,8 millóns de euros, o que supón un incremento de 75,09% en relación coa dotación inicial consignada nos Presupostos Xerais do Estado para 2007.

Conscientes da magnitude do fenómeno e da complexidade da súa erradicación, o PSdeG-PSOE seguirá animando ao Goberno de Zapatero para que continúe este impulso político constante que tantas mulleres seguen necesitando.

Porque ante a violencia de xénero hai esperanza."

Interven o Sr. Alcalde, manifestando que tratase dunha Moción sen acordo, que é unha declaración de intencións, dun sentimento, que non so comprende o rechazo á violencia de xénero, senón tamén os esforzos que diferentes Administracións están facendo dende a aprobación da Lei Integral contra a violencia de xénero no ano 2004, desde a creación de 452 Xulgados de violencia de Xenero, á creación de turnos de oficio gratuito durante as 24 horas, ás reformas do Código Penal no senso de enderecer as penas, a creación de telefonods de atención gratuitos, así como o destino de douscentos doce millóns de euros á loita contra a violencia de xénero, e que nos presupostos Xerais do Estado para o ano 2008, esa cantidade ascende á contía de 250 millóns de euros, o que supón un incremento considerable pero que non supón reducir o número de vítimas. Non existe ningun acordo porque non temos competencia na materia.

Interven o Sr. Rodríguez Doval, manifestando que quería recordar, que nas últimas veces que este tema foi a pleno na pasada Corporación, como estamos aquí todos os portavoces debemos recordar que tiñamos un acordar de desligar este asunto do posicionamento de cada partido e chegar un consenso co que se faría unha Declaración Institucional, en todo caso e evidente que esta declaración debería terse feito antes do 25 de novembro. Di o Sr. Alcalde que a moción non trae parte dispositiva é eso é unha opinión de parte con todos os meus respetos, esto non é unha Moción é unha Declaración do Partido Socialista, lamento profundamente que non se faga referencia ó goberno Galego que está lexislando, temos a lei que é do mes de xullo do 2007, no caso das Comunidades Autonomas é das pioneiras. Solicitando que se traslade á Comisión correspondente para falar haber de que forma articulamos o tema para que o ano que ven se temos que quitar un manifesto non veña cada grupo co seu, porque eu tamén teño aquí un o do BNG, nese sentido como non se vota nada nos non vamos a votar, creo que esta moi ben o que esta facendo o Goberno Central, pero tamen se estan a facer cousas desde outros ámbitos e a mín extrañame que non se fale



nada aquí da Lei que o pioneira e singular así como doutras actuacións que se están facendo dentro da Comunidade Autonoma. A nosa posición e que esto volva á Comisión.

O Sr. Alcalde manifesta que as mocións son tomas de posición, e neste caso non hai parte dispositiva, e neste caso estamos evidentemente diante da toma de posición do Partido Socialista, e nace como tal e nace cunha data concreta e que a data de promulgación da Lei Integral de Violencia de Xénero que fixo o Goberno de Zapatero, porque o levaba no programa electoral das eleccións do 2004, e cumpreu como establecido neste programa. O que pretendemos e poñer co apoio a esta Moción e poñer de manifesto o que fai o Goberno do Sr. Rodríguez Zapatero, e tratase de recoñecer que no ano 2004 un Presidente do Goberno decidiu loitar contra esta lacra. Esta é a nosa Moción e loxicamente e unha declaración política.


O Sr. Manuel Cendán, expón que coincide co manifestado co portavoz do BNG, significando que cando viñan estes temas, por parte do grupo da Alcaldía se refundia as diversas propostas e sacabamos un manifesto consensuado. As medidas aínda son poucas, o ano pasado houbo 67 vítimas e este ano a estas alturas xa levamos 70 vítimas, no caso de Galicia as medidas son menores, pois como exemplo a nivel do Estado existe 83 Xulgados para a violencia de xenero e en Galicia soamente contamos con 3. Propoñendo facendo unha declaración Institucional, acto seguinte da lectura:

"A violencia de xenero e un problema de todos e cada un dos galegos e galegas, todos debemos tomar plena conciencia deste drama, cada vez que unha muller e maltratada ou asasinada, fracasa toda a sociedade. Debemos ser contundentes na loita contra a violencia de xenero xa que é unha vulneración inadmisíbel dos dereitos fundamentais da muller."

Esto poderíamos enriquecelo entre todos, e despois na parte dispositiva dicir que o Pleno do Concello de Ares, insta á Xunta de Galicia a que solicite do Estado o incremento do número de Xulgados de violencia sobre a muller en Galicia, que elabore un Plan Integral de Sensibilización, Prevención e tratamento de violencia de xénero, que teña en conta ós Concellos a todos os niveis, estimule a coordinación e apoio entre as distintas institucións, Xunta de Galicia, Deputación e Concello, cree un centro de Acolida e pisos ponte para as persoas vítimas de violencia de xénero e as persoas ó seu cargo na Comarca, neste caso na Comarca de Ferrol, e dote dun fondo de emerxencia ó Concello de Ares para que sirva para atender os casos de mulleres en situación de violencia de xénero que necesiten recursos con urxencia.

Rematado o debate o Concello Pleno por unanimidade acorda retirar o asunto e que pasa a Comisión Informativa correspondente co obxecto de redactar unha declaración Institucional da Corporación.

### **Punto núm. 8.- ROGOS E PREGUNTAS.-**



O Sr. Manuel Cendán Fernández, pregunta se está agotada a partida para reparación dos pasos de cebra, no caso que a partida do 2007 se a partida esta agotada porque se tirou dela por vinculación, tratar de facer unha actuación urxente nos máis significativos, e ter previsto para os orzamentos do 2008 a consignación suficiente.

Resposta o Sr. Alcalde, que temos deseñado un Plan de Seguridade Vial, para meter no presuposto do 2008, asemesmo hai un deficit de sinalizacións, na Urbanizacion que vai a Papellas o promotor tiña que encargarse da sinalización e non hai nin unha sinal posta, e logo hai moitos puntos do Concello con deficit de sinalización, temos un Plan de Seguridade elaborada pola Policia Local que pretendemos executar a traves do presuposto do 2008.

O Sr. Luis Cendán formula as seguintes preguntas:

- 1.- En que fase se atopa a execución da Piscina Municipal.
- 2.- En canto as obras do Medio Rural en que fase están, porque non se acabaron as que tiñan que estar rematadas.
- 3.- En canto o contrato que había coa empresa CAE do alumado, se rescindeu o contrato, nunha Comisión de Goberno, queria saber como esta este expediente.

O Sr. Alcalde, resposta que no referente á piscina a tramitación a leva o Concello de Mugardos, falei varias veces co Alcalde de Mugardos, porque a se concedeu a Cariño foi practicamente nas mesmas datas e esta atopase practicamente rematada e a de Ares de Mugardos, practicamente non se empezou nin a mover os terreos. A adquisición do terreo prantexou algún problema Xurídico, a Rexistradora da Propiedade denega sistematicamente a inscrición no Rexistro da Propiedade, temos o problema que a adquisición se levou a cabo sen os informes preceptivos de concurrencia, aprecia un defecto no procedemento e non inscribe. O marxe deste problema apareceron uns restos arqueoloxicos, e houbo que facer os dictames preceptivos según informou o Alcalde de Mugardos, e o último e que pasa unha linea de media tensión polo que houbo que asinar un convenio con FENOSA para seu desplazamento, en todo caso e certo que a obra xa está adxudicada, e a empresa adxudicataria condiciona o inicio da obra o cambio da linea de media tensión. Xa se asinou o convenio con Fenosa, e non momento que se faga o cambio da linea por Fenosa a empresa comenzará a construción da Piscina.

En canto as obras de Medio Rural, están todas comenzadas, algunhas xa remataron e son moi poucas as que non remataron.

O Sr. Luis Cendán di que, Camiño de Outeiro-Punta Avarenta sen facer, Campo Churrero sen facer, Camiño de Mazaido sen facer.

O Sr. Alcalde di que estan practicamente todas iniciadas, TRAGSA esta traballando en todas elas.

O Sr. Luis Cendán di que el personalmente non o comprobou pero lle dixeron que non fixera nada de Outeiro-Punta Avarenta.



O Sr. Alcalde resposta que en Outeiro-Punta Avarenta non se abreu o trazado porque vai a ser un dos viales que vai a utilizar a constructora da EDAR.

O Sr. Alcalde en relación á pregunta sobre Coruñesa de Aforro Enerxético, dicir que había unha serie de convenios asinados que non tiñan consignación presupuestaria ó non ter consignación se pideu un prórroga, pero tanto o Secretario como a Tesoureira nos avisaron que non tiñan respaldo legal nin económico, polo que se lle dixo a CAE que este ano ó non ter consignación e que os contratos non se habían aprobado non se ían a executar.

O Sr. Luis Cendan, pregunta en que situación queda a situación da subvención desa obra ó non executarse.

Resposta o Sr. Alcalde que a subvención é finalista e se non executa a obra non se cobra a subvención.

O Sr. Rodríguez Doval, manifesta que esa obra consta de dúas fases, e pediría que se revisaran os proxectos do Medio Rural, porque non vaia ser que esten confundindo actuacións propias do Concello coas da Xunta, e preocupame o que esta previsto nesa última fase, porque o que comentaba antes o Sr. Luis Cendán son do primeiro paquete, que se extreme a vixiancia coas obras que son da segunda fase.

Seguidamente o Sr. Rodríguez Doval, fai as seguintes preguntas:


¿ En que situación está o acordo Plenario que tomamos a respecto da Auditoria?

¿ En que situación está o acordo Plenario que tomamos a respecto da RPT?.

Outra pregunta e sobre o tema da area, que se esta trasladando da obra do campo de futbol e que se está a verter na praia, ¿quería saber se eso conta con todas as bendicións por parte da Demarcación de Costas ou do Concello, decir que non me parece nada etico?.

E despois un rogo a respecto dun escrito que presentamos aquí con relación as obras que fixo un particular nun camiño na zona de Redes, quero decilo aquí porque se trata dunha persoa que coñecemos D. Francisco García Prego, dunha actuación urbanística non da titularidade do camiño. A nos o que nos interesa é a actuación urbanística que fixo este particular alí. No escrito que se nos entregou por parte do Alcalde fai referencia a un acordo plenario que tomamos; o acordo Plenario do 26-04-2006 dicía "este Concello posee lexitimación para intervir nun problema por motivos urbanísticos". Nos estamonos a referir a eso precisamente, non o tema da titularidade. Nos o que pedimos e un informe urbanístico do técnico municipal, conforme a actuación que fixo ese particular no camiño está adaptada ou non á legalidade.

E finalmente unha cuestión con respecto á Piscina, quero manifestar unha cuestión que o Alcalde de Mugardos foi a solicitar unha prórroga á Deputación para evitar que houbera problemas, e que o tema de Fenosa ó parecer xa estaba resolto.



O Sr. Manuel Cendán Fernández, manifesta que a finca da Piscina foi expropiada para facer a autovía, e non tivo ningún problema e despois anos que íamos a facer un edificio, sen sotanos nos estiveron toreando, por eso digo eu que o meterse con outras Administracións vai a dilatar o tempo.


O Sr. Alcalde, resposta que o acordo da Relación de Postos de Traballo, estamos esperando ó ano 2008 porque decidimos, externalizandola, e non pode ser con cargo o presuposto do 2007.

Polo que se refire a Auditoria, aquí tomamos o acordo, e eu falei co Tribunal de Contas e despois de cambios de Goberno é moi usual que numeros Concellos aproben a solicitude de Auditar as Contas, petición como a nosa hai moitísimas, e non foi moi esperanzadora a conversa que tiveron co Presidente do Tribunal de Contas, eles carecen de recursos para asumir todas as Auditorias que desde os Concellos lles reclaman, esto foi unha conversa, non obstante cando teña que responder á nosa solicitude o fará, e pode ser de dúas maneiras, ben que a fai, ou que excede das súas posibilidades.

En relación coa área que se esta a transportar hacia a praia, é a Lei de Costas a que o esixe, eso non é competencia municipal, as empresas que extraen área teñen prohibido sacarlle lucro, a empresa mellor que tirala na praia a vendería, en consecuencia a área de praia se obriga a depositala onde costas delimita, e como punto de verquido Costas sinalou a zona do Bitakora. En verano conseguimos modificar este punto de verquido, que foi para a zona que esta en frente do Clube de Remo.

Polo que se refire o peche de D. Francisco García Prego, vostede formaba parte da Corporación onde se debateu este tema, o que se debateu nese Pleno é que eso non é municipal e de feito cando se debatiu no Pleno o Sr. García Prego que formaba parte da Corporación se ausentou da votación, por ter este asunto como interes propio, en consecuencia eso non é público, e co que non é do Concello o seu propietario que faga o que considere conveniente. Os propietarios de toda finca teñen como dereito inherente á propiedade o peche, el pideu a licenzia para pechar e se lle concedue a a executou; a anterior corporación lle concedeu a licenzia e el se limitou a executar un dereito. O Concello concede as licenzias sen prexuízo de terceiro, se existe unha terceira persoa que se sinte perxudicado, sabe que hai un Poder Xudicial que amparo todos os intereses e dereitos lexítimos de calquera, entón ese veciño esta no seu dereito de iniciar cantas accións xudiciais considere oportunas. Se trata dunha licenzia de peche que no foi concedida por esta Corporación, pero si eu como Alcalde me enfrento con este problema faría o mesmo que o que fixo o Alcalde anterior.

O Sr. Rodríguez Doval, di que el o que preguntou se a obra se axusta a licenzia concedida. E roga que non se lle poñan etiquetas á xente cada vez que veña a protestar.



O Sr. Manuel Cendán, fai o rogo que se fagan xestións para o acopio da area de praia como fan na Coruña, porque o que se esta a votar agora o leva o mar, o cando o veño a primavera extendela.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as catorce horas e coarenta e cinco minutos do día ó comenzo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente levantase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,